

Escasas entregas en poesía

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [1991]). “Escasas entregas en poesía”. *Dorna*: 17, 135-137. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/636>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (1991). “Escasas entregas en poesía”. *Dorna*: 17, 135-137.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A SOLAINA DAS LETRAS

ESCASAS ENTREGAS EN POESÍA

Vicente Araguas

Luis Pimentel, gracias ó Día das Letras Galegas, unha vez máis acertado no protagonista, entrou nunha certa órbita. Dentro e fóra de Galicia, pois compre non esquecer as edicións foráneas de Visor e La Veleta, da poesía pimenteliana, debidas respectivamente ó lembrado Miguel González Garcés e a Luís Rei Núñez. E xa que falamos de Garcés dicir que, próximo o cabodano do seu pasamento, Seoane e Xulio Valcárcel andan a recopilar unha escolma poética de autores varios en honor do polígrafo, e sobre todo poeta, coruñés.

*Pero volvendo a Pimentel, de moda neste ano 1990, e postos a peneirar na fraga bibliográfica que provocou a efemérede, eu salientaría como botón de mostra LUIS PIMENTEL: 1895-1958, UNHA FOTOBIOGRAFIA (Edicións Xerais), libro no que colaboraron Ramón Piñeiro, Luz Pozo Garza, Claudio Rodríguez Fer e Arcadio López-Casanova e coordinou Miguel Anxo Murado. Sen pretender, lástima fora, menospreciar o resto da **pimenteliana**, importante en calidade e cantidade.*

Íntimo coma Pimentel, máis desafortadamente persoal se cadra, o tamén lugués

*Vergara Vilariño volveu á poesía con NOS EIDOS DA BREMANZA (Galaxia-Dombate). Ben arroupado, desta volta, por un prólogo de Darío Xohán Cabana e un epílogo de Xesús Alonso Montero. A poesía de Vergara é das que piden a berros a complicidade lectora. Un a xeito de tomalo ou deixalo que non permite o **voyeurismo** ou o distanciamento que o lector adopta diante doutros poetas. Así as cousas, pois Vergara vai cara enriba no seu progreso artístico e, ademáis, o seu **pathos** soa a sincero, quen isto asina aposta sen medias tintas polo poeta de Lóuzara, ben lonxano agora ós seus pouco claros comezos poéticos. Vergara, a maior abundamento, dispon dunha fouce técnica ben afiada. Que non a deixe enferruxar.*

Sen que eu tampouco gustara do seu primeiro -nin do segundo-, Xosé Vázquez Pintor, debo dicir que NO CORAZON MANCADO ofrece un libro que pode facer mudar calquera opinión desfavorable. Malia o título que así, ás bravas, fai presaxiar todo o peor. O que non se confirma na longa secuencia telúrica enguedellada en ben resoltos heptasílabos, endecasílabos e alexandrinos que ven sendo o poemario; sen

que nel falle unha importante exuberancia léxica que, de sempre, é marca da casa. ¿El que ten agora Vázquez Pintor que antes non tivera?. Se cadra que aprendeu que onde non hai posibilidade adiviñatoria non hai poesía. E que seguramente andaba a derramar o seu talento poético nun realismo de rueiro ou de silveira. O que non ten porque levar contraposto o escapismo nin a falla de paixón ou de sinceridade. Como se pode rver claramente neste **corazón mancado**, xusto e merecido Premio Esquíu do 90. Accesit deste serio galardón resultou Miguel Anxo Murado co seu LAPI-DARIO DOS HETERODOXOS (Colección Esquíu Ferrol). Mostra, tal vez, metapoética pero sen dúbida moi axustada de quen nos deslumbrara hai anos cun BESTIARIO DOS DESCENTENTOS, pérola rara da nosa lírica. Murado cando **lapida** usa (dicir abusa sería excesivo) dunha chea de autores nada típicos, nin na súa vida nin na súa escrita. O que resulta nun libro mesto que, ás veces, cheira a epigramático e outras a prosa viva. Pero que aposta sempre polo misterio e a economía de medios que poden definir -non necesariamente, xa se sabe- a poesía.

A ARVORE DAS SETE PALAVRAS (Sotelo Blanco-Leliadoura) de Cesáreo Sánchez Iglesias entra de cheo dentro das poéticas que din da epicidade. Particularmente non sentín diante deste libro outra sensación que a da maior frialdade. Por non dicir a do aburrimiento. Pois, trátase dun volume opaco -plano se se quer- onde a escuridade a penas se deixa paso a mínimas fírgoas de calidade lírica. O hermetismo, ó meu entender, é outra cousa ben distinta que precisa cando menos fulgor para alcender o misterio. Ora ben, eu non quero ser inxusto e admitirei que algunha xente cun criterio tan válido como Basilio Losada, aposta pola **árvore** de Sánchez Iglesias con adxectivos encomiásticos. O que me

fai pensar se non serei eu quen está no erro.

De Lino Braxe había tempo que agardabamos unha publicación individual. Pois del coñecemos poemas espallados por escolmas e revistas pero compría a súa saída en solitario. Como agora ven de ocorrer con este BANQUETE (Sotelo-Blanco-Leliadoura) por máis que levase un par de anos agardando na cociña editorial. Xa que o prólogo, debido á lúcida pluma de Xosé Manuel Beiras, está dando no ano 87. Mala cousa que a poesía —aínda que sexa de circunstancias, que non é este caso, certamente— bote tempo arrumbada. Máis que nada polo desprecio que supón a esta arte inútil —seica— e marabillosa. Pero Lino Braxe, pois é poeta de verdade, resiste (e con el a súa poética) o paso do tempo. Ben sexa cando escribe poemas de longo alento, curto, ou mínimo. Nas tres distancias expresa a xeito a súa mensaxe elegante e **maldita** (e ollo con este adxectivo perigoso coma todos os clichés), que bebe das fontes postrománticas e simbolistas, e na que se poden atopar ecos de Poe, Nerval ou, obvios, de Baudelaire. Descoñezo o que poida haber de **poseur** en Lino Braxe, o certo é que o seu verso (libre, por certo) semella auténtico e, pois rebelde é atípico, soamente comparable ó de Lois Pereiro e Xela Arias nas nosas coordenadas.

Novo para mín —pois a penas coñecía del un par de poemas— é Manuel Xosé Neira, lugués que sae á praza pública cun libro de reducidas dimensións, O MAR PERDIDO (Galaxia-Dombate) que, polo que parece, abrangue a obra realizada polo autor entre os dezaseis e os vinteseis anos, é dicir ata hoxe, xa que Neira naceu no 1964. Así as cousas, o libro abonda en altibaixos e en certas inxenuidades que, ó cabo, resultan superadas pola vontade de estilo do autor. Neira é dono de tres características poéticas importantes: sutileza,

dosificación e economía expresiva, condicións imprescindibles para expresar con seguridade o proceso introspectivo que busca o poeta. Introspección apoiada por todos os indicios telúricos que acompañan

a este mozo, home enraizado que —cando venza certos tópicos, non os menores, —o dos mestres nas cunetas, o das tardes provincianas ou o do pan de centeo— ten que chegar a máis dun libro redondo.